



ANPA do CEIPP de
PALMEIRA

NORMATIVA SERVIZO DE MADRUGADORES ANPA do CEIPP de PALMEIRA CURSO ESCOLAR 2020-21

1. Funcionamento:

- O Servizo de Madrugadores é un servizo xestionado pola ANPA e **aberto para todo o alumnado** do CEIPP de Palmeira.
- Comeza o primeiro día do ano académico, habendo servizo de madrugadores **tódolos días lectivos** do ano escolar. **Dende as 7:00h ata as 9:00h.**
- Dirixido ás **familias que precisen deixar no colexio aos seus fillos/as antes do horario habitual de entrada** a este.
- Ponse á súa disposición un espazo onde os nenos/as permanecerán ata a hora da entrada, atendidos polo persoal de **Antía Fontaiña Falqué** NIF 53486577P (O Xardín Ventureiro).
- Dispón de colchonetas para continuar o **descanso, aseo** ó despertar e a elixir **con o sen almorzo** (zume, leite, cereais, tostas, bolechas...) adaptado as necesidades persoais, enfermidades, alerxias ou intolerancias.
- O **acceso** será polo **portal traseiro** do colexio (portalón de arriba) e entregaranse aos nenos/as pola porta de entrada de educación infantil, sendo o monitor/a quen recolla aos nenos/as. Os pais/nais non poderán pasar as dependencias do centro escolar.
- Os espazos destinados aos alumnos/as serán os **baños e a sala do comedor**. O resto das instalacións do centro non poderán ser utilizadas.
- A permanencia no centro é obrigatoria para os alumnos/as que fagan uso deste servizo, só poderán saír do centro con un xustificante da familia máis a **autorización do responsable do servizo**.
- Para garantir o aseo e a hixiene dental, **traerán da súa casa unha bolsa de aseo pequena cos útiles necesarios para o cepillado e hixiene dos dentes**. Este neceser non poderá quedar, indo de volta para casa.
- Os membros **socios/as** da ANPA estarán cubertos polos **seguros** de responsabilidade civil e accidentes propios da ANPA.
- **Inscricións e baixas** no local da ANPA do colexio, chamando ao teléfono da ANPA **650199162**, **whatsapp** ou por correo electrónico anpapalmeira@hotmail.com
- Os usuarios **esporádicos** e as **faltas de asistencia** dos usuarios fixos, deberán comunicarse a empresa responsable do servizo XARDÍN VENTUREIRO-ANTÍA FALQUÉ **teléfono 616628534**.
- A apertura do centro para a **prestación do servizo** de madrugadores efectuarase **baixo demanda**, por iso será necesario avisar ás responsables do servizo, con antelación suficiente, de calquera cambio no horario do usuario/a (por exemplo: cambio do horario de entrada adiantando ou retrasando o mesmo).

2. Custo:

- O coste do servizo para un **fixo** (alumno/a acude de xeito habitual) é de:
 - 1 hora - 62'5 €/mes
 - 2 horas - 84 €/mes
- O coste para un **esporádico** (alumno/a que fai uso do servizo ocasionalmente) será de 4€/hora.
- **Os prezos baixan** segundo aumentan o número de usuarios, pero nunca será superior ó indicado.
 - **Grupos de 5 a 7 usuarios/as:**
 - 1 HORA – 50 €/mes
 - 2 HORAS – 60 €/mes
 - Grupos de 8 a 14 usuarios/as:
 - 1 HORA - 40 €/mes
 - 2 HORA - 50 €/mes
 - Grupos de máis de 14 usuarios/as:
 - 1 HORA - 30 €/mes
 - 2 HORAS - 40 €/mes

Nestes casos, aplicarase un **desconto** de familia numerosa e por irmás **do 5 %** .



ANPA do CEIPP de
PALMEIRA

- Ós usuarios que precisen **almorzo** incrementaráselles o prezo en **5 €/mes**.
- O prezo da hora calcularase de maneira **indivisible**, e dicir, contabilizando sempre unha hora enteira independentemente da súa necesidade.
- **Non se descontarán os días de ausencia** dos alumn@s neste servizo en ningún caso.
- O abono farase a **mes vencido** directamente a empresa responsable.
- No caso de que unha familia non abone a mensualidade o alumno/a perderá o dereito ao servizo a partires do día un do mes seguinte, a non ser que comunique as razóns que xustifiquen a demora do pago. A perda do dereito do servizo **non exime do pago** das cantidades que debe.

3. **Monitores/as:**

- Organizarán a **recollida** dos nenos/as e súa **entrega** na fila por aula ou titor/a, segundo sexa o caso.
- Si é moi cedo, disporán para os nenos/as dunhas colchonetas para a continuidade do **descanso**. Vixiarán ou realizarán o **vestido e aseo** ó espertar, segundo sexa o caso.
- Darán o **almorzo** aos nenos/as que o teñan contratado.
- Disporán de tempo de lecer unha vez rematado o almorzo. **Os xogos e actividades** irán dirixidas a ensinar e motivar sobre a **alimentación saudable**.
- Durante todo o tempo **vixiarán aos nenos e nenas** mentres realizan as labores propias do servizo.
- **Darán exemplo** cuidando a linguaxe e os hábitos de comportamento.
- **Asegurarán unha correcta hixiene dental** dos nenos/as despois de almorzar.
- Farán formación pedagóxica. **Explicaranlle normas de hixiene e alimentación**
- **Resolverán**, no momento, os **problemas e discusións** que xurdan entre os alumnos/as.
- En ningún caso as monitoras subministrarán **medicamentos** aos nenos/as.
- As monitoras **informarán ás familias e ao centro** sobre condutas observadas aos alumnos/as que a seu xuízo deban ser corrixidas.
- As monitoras/es só se farán cargo dos alumnos/as usuarios do servizo de madrugadores e terán control dos mesmos ata o momento de **entregaralos ao seu mestre/a**.
- Unha vez rematada a entrega dos nenos/as, as monitoras procederán a **limpeza**, garantindo a hixiene e o correcto mantemento das instalacións.

SEGURO ACCIDENTES ANPA PARA OS SOCIOS/AS:

A ANPA ten contratado con MAPFRE un Seguro de Accidentes Colectivo **Nº póliza 055-1880200114** que cubre a todos os seus **socios**. No listado de alumnos/as dos monitores/as estarán indicados os que non son socios. No caso de que algún destes nenos ou nenas sufrise algún accidente, os monitores/as deberán:

1. **Chamar ao pai/nai ou persoa designada** para informar do acontecido e que leve o neno/a ao Centro de asistencia que corresponda:
 - **Moi grave** → chamar ó **061**
 - **Urxente** → Hospital da Barbanza (indicar nº póliza seguro)
 - **Non Urxente** → Policlínica del Carmen (Rúa Campo de Marte nº 6 Ribeira)
 - Alí deberán indicar que veñen da ANPA de Palmeira (indicar nº póliza seguro)
 - Eles valorarán:
 - Tratalo alí
 - Derivalo ao Hospital HM Rosaleda, en Santiago
 - Derivalo ao Hospital da Barbanza
2. **Notificalo á Xunta Directiva da ANPA** informando do acontecido no teléfono da ANPA **650199162** (pode facerse incluso mediante unha mensaxe de whatsapp)

ALARMA DE INCENDIO E EVACUACIÓN

No caso de que soe a alarma de incendios, procederase a evacuación de todos/as de forma tranquila e controlada cara a pista de fútbol. Deben seguir as **instrucións e planos** colocados nas paredes de todas as aulas e estancias do centro (non coller obxectos persoais, non abrir portas nin ventás, non volver atrás...).

- En horario habitual, haberá un equipo do centro encargado de avisar aos servizos de emerxencia e da coordinación da evacuación.
- Fora dese horario, é dicir, no **servizo de madrugadores e de comedor**, debe ser o/a monitor/a responsable do servizo o/a encargado/a de **chamar ao 112** para dar o aviso, e de seguido avisar **á Xunta Directiva da ANPA e á Dirección** do Centro.



PROTOCOLO DE PROTECCIÓN E PREVENCIÓN FRONTE A COVID19 NO SERVIZO DE MADRUGADORES

Por mor da especial situación que estamos a vivir, debemos tomar medidas de prevención ante o risco de contaxio ou propagación do virus:

- A **entrada** farase por orde, **de un en un**, mantendo a distancia de 1,5m na fila. O monitor/a será responsable de que se faga segundo a normativa.
- Deberán **hixienizar as mans** no momento de entrar (ó espertar), cando vaian ó baño, cada vez que espirren, sonen o nariz, toquen a cara e tamén ó saír. Lavando as mans con auga e xabón, durante a lo menos 40 segundos, supervisado e secado con **pano desbotable**. No seu defecto usarase solución hidroalcohólica, durante 20 segundos.
- **Non poderán compartir** cubertos, vasos, pratos, panos, bebidas nin comida. Debendo estar **identificados co nome** do neno/a se fose o caso.
- **Se comparten algún obxecto**, este debe ser hixienizado, antes e despois do seu uso.
- Se fan **uso do baño**, este tamén deberá ser hixienizado despois do seu uso.
- No caso de non dispor de suficiente espazo para deixar as **mochilas e abrigos colgados e distanciados uns dos outros**, e mellor que permanezan con eles en todo momento, colgados nas cadeiras de cada neno/a.
- A distribución dos nenos/as dentro do servizo estará prefixada, onde **cada neno/a ten o seu sitio designado** para todo o curso escolar. Deste xeito sempre saberemos quen son os nenos/as que permanecen preto no caso de suxire un abrocho.
- Estarán **colocados** cunha distancia de **1,5m entre eles, agás nos grupos de convivencia estable**, onde poderán diminuír a distancia entre eles pero non co resto.
- Permanecerán **sentados agardando**, sendo os monitores/as os encargados de servirlles o almorzo. Unha vez rematado, será o propio neno/a quen deposite a súa cunca na zona de residuos, **previa autorización** por parte da monitor/a, evitando así o movemento incontrolado polo local. Disporase un circuito de ida e outro de volta.
- Na medida do posible, deberán levar a **máscara** posta todo tempo **agás para almorzar**. Estarán exentos os menores de 6 anos (aínda que é recomendable) e os que padezan algunha patoloxía que o contraindique, debendo presentar un informe médico.
- Os monitores/as deberán usar máscara todo o tempo e terán asignados **sempre o mesmo grupo de nenos/as** evitando o contacto cos outros, creando así un grupo estable. E por suposto, cumprido os rateos legais establecidos.
- O servizo contará só co **mobiliario imprescindible**, facilitando así a súa limpeza e o aproveitamento do espazo ó máximo.
- Estará dividido de xeito que estea ben **diferenciada a zona de limpo e a zona de residuos**.
- Procederase á **limpeza** das colchonetas, mesas e cadeiras **antes e despois do seu uso**, empregando luvas e os útiles de limpeza axeitados e propios do servizo. Utilizaranse calquera dos **desinfectantes con actividade virucida** autorizados.
- A **ventilación** será necesaria antes do inicio do servizo e unha vez finalizado, durante a súa limpeza. Ventilará **durante** a prestación do servizo sempre e cando as condicións climatolóxicas o permitan.
- O xogos e actividades que se realicen durante o servizo serán, na medida do posible, na propia mesa do neno/a. Evitando compartir xoguetes e pinturas. Elixiranse **xogos e actividades individuais ou en grupo sen contacto físico, relacionadas coa alimentación saudable**. No caso de compartir algún xogo deberá hixienizarse antes e despois do seu uso.
- **Xestión dos abrochos**: no caso de que algún neno/a manifeste algún síntoma que faga sospeitar dunha posible COVID19, deberase:
 - Sentalo a parte do resto dos nenos/as con todas as súas pertenzas. Preferiblemente nunha zona ventilada e con papeleira de pedal.
 - Colocarlle unha máscara cirúrxica, no caso en que non a leve. No caso de incompatibilidade a levala, o monitor porase unha máscara FFP2 sen válvula, bata desbotable e pantalla facial.
 - Chamar aos pais/nais/titores ou persoas designadas para a súa recollida.
 - A familia do neno/a deberá illalo na casa e solicitar consulta telefónica co pediatra para ese mesmo día, se non houbese acudiríase o PAC para valoración e avaliación da necesidade de solicitude dun test diagnóstico.
 - Recoller e cerrar a bolsa do lixo onde puidese depositarse residuos contaminados, e introducila noutra bolsa máis. Ventilar e desinfectar a sala.
 - Notificarlo á Dirección do Centro e á Xunta Directiva da ANPA.